

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

14565 *Orde APM/1211/2017, do 4 de decembro, pola que se modifican os anexos I, II, III, IV e V do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.*

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a terceiros países, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

A Directiva de execución 2017/1279 da Comisión, do 14 de xullo de 2017, pola que se modifican os anexos I, II, III, IV e V da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, considera que é necesario realizar certas modificacións en canto á mención na directiva dalgúns organismos nocivos nos anexos I e II, en coherencia co nivel de risco e a situación destes na Unión Europea, así como realizar certas modificacións dos requisitos especiais que figuran no anexo IV. Por outra parte, débense introducir certos requisitos de inspección para vexetais e produtos vexetais, que deberán, por tanto, figurar no anexo V. Así mesmo, débense adaptar as denominacións dalgúns organismos nocivos á denominación científica revisada.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado real decreto, pola que se faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, actual ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, para adaptar os seus anexos ás modificacións que sexan introducidas neles mediante disposicións comunitarias.

Na elaboración desta disposición consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.*

Os anexos I a IV do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, quedan modificados como segue:

Un. O anexo I modifícase como segue:

a) A parte A modifícase como segue:

i) A sección I modifícase como segue:

- A rúbrica a) modifícase como segue:
 - Suprímese o punto 5.
 - Despois do punto 6 insírese o seguinte punto:
 - «6.1 *Bactericera cockerelli* (Sulc.)»
 - Despois do punto 11.1 insírese o seguinte punto:
 - «11.2 *Keiferia lycopersicella* (Walsingham)»
 - Despois do punto 19.1 insírese o seguinte punto:
 - «19.2 *Saperda candida* Fabricius»
 - Despois do punto 25 insírese o seguinte punto:
 - «25.1 *Thaumatotibia leucotreta* (Meyrick)»
- A rúbrica b) modifícase como segue:
 - Suprímese o punto 1.
 - Despois do punto 0.1 insírense os seguintes puntos:
 - «2. *Xanthomonas citri* pv. *aurantifolii*.
 - 2.1 *Xanthomonas citri* pv. *citri*»
- A rúbrica c) modifícase como segue:
 - Despois do punto 12 insírese o seguinte punto:
 - «12.1 *Phyllosticta citricarpa* (McAlpine) Van der Aa»
 - No punto 13, «*Phyllosticta solitaria* Ell. et Ev.» substitúese por «*Phyllosticta solitaria* Ellis & Everhart»
- A rúbrica d) modifícase como segue:
 - Suprímese o punto 1.
 - No punto 2 suprímese a letra e).
- ii) A sección II modifícase como segue:
 - Na rúbrica a), o punto 8, «*Popilia japonica* Newman», substitúese por «*Popillia japonica* Newman».
 - Na rúbrica b), tras o punto 2, insírese o seguinte punto:
 - «3. *Xylella fastidiosa* (Wells et al.)»
 - Na rúbrica d), tras o punto 2 insírese o seguinte punto:
 - «2.1 *Candidatus Phytoplasma ulmi*»
- b) A parte B modifícase como segue:
 - i) A rúbrica a) modifícase como segue:
 - O punto 1 substitúese polo texto seguinte:
 - «1. *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas). IRL, P (Os Azores, Beira Interior, Beira Litoral, Entre Douro e Miño e Tras os Montes), FI, S, UK.»

- O punto 1.2 substitúese polo texto seguinte:
 - «1.2 *Dryocosmus kuriphilus* Yasumatsu IRL, UK.»
 - O punto 2 substitúese polo texto seguinte:
 - «2. *Globodera pallida* (Stone) Behrens FI, LV, P (Os Azores), SI, SK.»
 - Despois do punto 2 insírese o seguinte punto:
 - «2.1 *Globodera rostochiensis* (Wollenweber) Behrens P (Os Azores).»
 - O punto 3 substitúese polo texto seguinte:
 - «3. *Leptinotarsa decemlineata* Say. E (Ibiza e Menorca), IRL, CY, M, P (Os Azores e A Madeira), UK, S (os distritos de Blekinge, Gotland, Halland, Kalmar e Skåne), FI (os distritos de Åland, Häme, Kymi, Pirkanmaa, Satakunta, Turku e Uusimaa).»
 - O punto 5 substitúese polo texto seguinte:
 - «5. *Thaumetopoea processionea* L. IRL, UK (excepto as entidades locais de Barnet; Brent; Bromley; Camden; City of London; City of Westminster; Croydon; Ealing; Elmbridge District; Epsom and Ewell District; Guildford; Hackney; Hammersmith & Fulham; Haringey; Harrow; Hillingdon; Hounslow; Islington; Kensington & Chelsea; Kingston upon Thames; Lambeth; Lewisham; Merton; Reading; Richmond upon Thames; Runnymede District; Slough; South Oxfordshire; Southwark; Spelthorne District; Sutton; Tower Hamlets; Wandsworth; West Berkshire and Woking).»
- ii) Na rúbrica b), punto 2, columna dereita, «S, FI» substitúese por «S».
- Dous. O anexo II modifícase como segue:
- a) A parte A modifícase como segue:
- i) A sección I modifícase como segue:
- A rúbrica a) modifícase como segue:
 - No punto 2, columna esquerda, «*Aleurocantus* spp.» substitúese por «*Aleurocanthus* spp.»
 - No punto 5, columna esquerda, «*Aonidella citrina* Coquillet» substitúese por «*Aonidiella citrina* Coquillet».
 - A rúbrica b) modifícase como segue:
 - No punto 3, columna dereita, «Sementes de *Zea mais* L.» substitúese por «Sementes de *Zea mays* L.»
 - Suprímese o punto 4.
 - Na rúbrica c), suprímese o punto 11.
- ii) A sección II modifícase como segue:
- Na rúbrica b), punto 8, columna esquerda, «*Xanthomonas campestris* pv. *pruni* (Smith) Dye» substitúese por «*Xanthomonas arboricola* pv. *pruni* (Smith) Vauterin et al.».
 - Na rúbrica d), tras o punto 7, insírese o seguinte punto:
 - «7.1 Viroide do tubérculo fusiforme da pataca. Vexetais destinados á plantación (incluídas as sementes) de *Solanum lycopersicum* L. e os seus híbridos, *Capsicum annuum* L., *Capsicum frutescens* L. e vexetais de *Solanum tuberosum* L.»

b) A parte B modifícase como segue:

i) A rúbrica a) modifícase como segue:

– Despois do punto 6 insírense os puntos seguintes:

«6.1 *Paysandisia archon* (Burmeister). Vexetais de *Palmae*, destinados á plantación, cun diámetro do talo na base superior a 5 cm, e pertencentes aos xéneros seguintes: *Brahea* Mart., *Butia* Becc., *Chamaerops* L., *Jubaea* Kunth, *Livistona* R. Br., *Phoenix* L., *Sabal* Adans., *Syagrus* Mart., *Trachycarpus* H. Wendl., *Trithrinax* Mart. e *Washingtonia* Raf. IRL, MT, UK.

6.2 *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier). Vexetais de *Palmae*, destinados á plantación, cun diámetro do talo na base superior a 5 cm, e pertencentes aos taxons seguintes: *Areca* catechu L., *Arenga* pinnata (Wurmb) Merr., *Bismarckia* Hildebr. & H. Wendl., *Borassus* flabellifer L., *Brahea* armata S. Watson, *Brahea* edulis H. Wendl., *Butia* capitata (Mart.) Becc., *Calamus* merrillii Becc., *Caryota* maxima Blume, *Caryota* cumingii Lodd. ex Mart., *Chamaerops* humilis L., *Cocos* nucifera L., *Copernicia* Mart., *Corypha* utan Lam., *Elaeis* guineensis Jacq., *Howea* forsteriana Becc., *Jubaea* chilensis (Molina) Baill., *Livistona* australis C. Martius, *Livistona* decora (W. Bull) Dowe, *Livistona* rotundifolia (Lam.) Mart., *Metroxylon* sagu Rottb., *Phoenix* canariensis Chabaud, *Phoenix* dactylifera L., *Phoenix* reclinata Jacq., *Phoenix* roebelenii O'Brien, *Phoenix* sylvestris (L.) Roxb., *Phoenix* theophrasti Greuter, *Pritchardia* Seem. & H. Wendl., *Ravenea* rivularis Jum. & H. Perrier, *Roystonea* regia (Kunth) O. F. Cook, *Sabal* palmetto (Walter) Lodd. ex Schult. & Schult. f., *Syagrus* romanzoffiana (Cham.) Glassman, *Trachycarpus* fortunei (Hook.) H. Wendl. e *Washingtonia* Raf. IRL, P (Os Azores), UK.»

– Tras o punto 9 engádese o punto seguinte:

«10. *Thaumatococcus ptyocarpa* Denis & Schiffermüller. Vexetais de *Pinus* L., destinados á plantación, excepto os froitos e sementes UK.»

ii) A rúbrica b) modifícase como segue:

– No punto 1, terceira columna, suprímese «P».

– No punto 2, o texto da terceira columna substitúese polo texto seguinte:

«E [excepto as comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Extremadura, Madrid, Murcia, Navarra e La Rioja, a provincia de Gipuzkoa (País Vasco), as comarcas de Garrigues, Noguera, Pla d'Urgell, Segrià e Urgell, da provincia de Lleida (Comunidade Autónoma de Cataluña), as comarcas de l'Alt Vinalopó e o Vinalopó Mitjà, da provincia de Alacant, e os municipios de Alborache e Turís, da provincia de Valencia (Comunidade Valenciana)], EE, F (Córsega), IRL (excepto a cidade de Galway), I [Abruzos, Apulia, Basilicata, Calabria, Campania, Emilia-Romaña (provincias de Parma e Piacenza), Lacio, Liguria, Lombardía (excepto as provincias de Mantua, Milano, Sondrio e Varese), Marche, Molise, Piemonte (excepto os municipios de Busca, Centallo e Tarantasca na provincia de Cuneo), Sardeña, Sicilia, Toscana, Umbría, Val de Aosta, Véneto (excepto as provincias de Rovigo e Venecia, os municipios de Barbona, Boara Pisani, Castelbaldo, Masi, Piacenza d'Adige, S. Urbano e Vescovana na provincia de Padua e a zona situada ao sur da autoestrada A 4 na provincia de Verona)], LV, LT [excepto os municipios de Babtai e Kėdainiai (rexión de Kaunas)], P, SI [excepto as rexións de Gorenjska, Koroška, Maribor e Notranjska, e os municipios de Lendava e Renče-Vogrsko (ao sur da autoestrada H4)], SK [excepto o distrito de Dunajská Streda, Hronovce e Hronské Kľačany (distrito de Levice), Dvory nad Žitavou (distrito de Nové Zámky), Málíneč (distrito de Poltár), Hrhov (distrito de Rožňava), Veľké Ripňany (distrito de Topoľčany), Kazimír, Luhyňa, Malý Horeš, Svätuške e Zátín (distrito de Trebišov)], FI, UK (Irlanda do Norte, excepto os

distritos de Ballinran Upper, Carrigenagh Upper, Ballinran e Carrigenagh no condado de Down, e a circunscrición electoral de Dunmurry Cross en Belfast, condado de Antrim; illa de Man e illas do Canal).»

– Tras o punto 2 engádesse o punto seguinte:

«3. Xanthomonas arboricola pv. pruni (Smith) Vauterin et al. Vexetais de Prunus L., destinados á plantación, excepto as sementes UK.»

iii) Na rúbrica c), punto 0.0.1, terceira columna, «UK» substitúese por «IRL, UK».

iv) A rúbrica d) modifícase como segue:

– Antes do punto 1 insírese o seguinte punto:

«01. Candidatus Phytoplasma ulmi. Vexetais de Ulmus L., destinados á plantación, excepto as sementes UK.»

– No punto 1, o texto da terceira columna substitúese polo texto seguinte:

«EL (excepto as unidades periféricas de Argólida e A Canea), M, P (excepto O Algarve, A Madeira e o condado de Odemira no Alentexo).»

Tres. A parte B do anexo III modifícase como segue:

a) No punto 1, o texto da columna dereita substitúese polo texto seguinte:

«E [excepto as comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Extremadura, Madrid, Murcia, Navarra e La Rioja, a provincia de Gipuzkoa (País Vasco), as comarcas de Garrigues, Noguera, Pla d'Urgell, Segrià e Urgell, da provincia de Lleida (Comunidade Autónoma de Cataluña), as comarcas de l'Alt Vinalopó e o Vinalopó Mitjà, da provincia de Alacant, e os municipios de Alborache e Turís, da provincia de Valencia (Comunidade Valenciana)], EE, F (Córsega), IRL (excepto a cidade de Galway), I [Abruzos, Apulia, Basilicata, Calabria, Campania, Emilia-Romaña (provincias de Parma e Piacenza), Lacio, Liguria, Lombardía (excepto as provincias de Mantua, Milano, Sondrio e Varese), Marche, Molise, Piamonte (excepto os municipios de Busca, Centallo e Tarantasca, na provincia de Cuneo), Sardeña, Sicilia, Toscana, Umbria, Val de Aosta, Véneto (excepto as provincias de Rovigo e Venecia, os municipios de Barbona, Boara Pisani, Castelbaldo, Masi, Piacenza d'Adige, S. Urbano e Vescovana, na provincia de Padua, e a zona situada ao sur da autoestrada A 4 na provincia de Verona)], LV, LT [excepto os municipios de Babtai e Kėdainiai (rexión de Kaunas)], P, SI [excepto as rexións de Gorenjska, Koroška, Maribor e Notranjska, e os municipios de Lendava e Renče-Vogrsko (ao sur da autoestrada H4)], SK [excepto o distrito de Dunajská Streda, Hronovce e Hronské Kľačany (distrito de Levice), Dvory nad Žitavou (distrito de Nové Zámky), Málíneč (distrito de Poltár), Hrhov (distrito de Rožňava), Veľké Ripňany (distrito de Topoľčany), Kazimír, Luhýňa, Malý Horeš, Svätuš e Zátín (distrito de Trebišov)], FI, UK (Irlanda do Norte, excepto os distritos de Ballinran Upper, Carrigenagh Upper, Ballinran e Carrigenagh no condado de Down, e a circunscrición electoral de Dunmurry Cross en Belfast, condado de Antrim; illa de Man e illas do Canal].»

b) No punto 2, o texto da columna dereita substitúese polo texto seguinte:

«E [excepto as comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Extremadura, Madrid, Murcia, Navarra e La Rioja, a provincia de Gipuzkoa (País Vasco), as comarcas de Garrigues, Noguera, Pla d'Urgell, Segrià e Urgell, da provincia de Lleida (Comunidade Autónoma de

Cataluña), as comarcas de l'Alt Vinalopó e o Vinalopó Mitjà, da provincia de Alacant, e os municipios de Alborache e Turís, da provincia de Valencia (Comunidade Valenciana)], EE, F (Córsega), IRL (excepto a cidade de Galway), I [Abruzos, Apulia, Basilicata, Calabria, Campania, Emilia-Romaña (provincias de Parma e Piacenza), Lacio, Liguria, Lombardía (excepto as provincias de Mantua, Milano, Sondrio e Varese), Marche, Molise, Piamonte (excepto os municipios de Busca, Centallo e Tarantasca, na provincia de Cuneo), Sardeña, Sicilia, Toscana, Umbría, Val de Aosta, Véneto (excepto as provincias de Rovigo e Venecia, os municipios de Barbona, Boara Pisani, Castelbaldo, Masi, Piacenza d'Adige, S. Urbano e Vescovana, na provincia de Padua, e a zona situada ao sur da autoestrada A 4 na provincia de Verona)], LV, LT [excepto os municipios de Babtai e Kėdainiai (rexión de Kaunas)], P, SI [excepto as rexións de Gorenjska, Koroška, Maribor e Notranjska, e os municipios de Lendava e Renče-Vogrsko (ao sur da autoestrada H4)], SK [excepto o distrito de Dunajská Streda, Hronovce e Hronské Kľačany (distrito de Levice), Dvory nad Žitavou (distrito de Nové Zámky), Málínek (distrito de Poltár), Hrhov (distrito de Rožňava), Veľké Ripňany (distrito de Topoľčany), Kazimír, Luhyňa, Malý Horeš, Svätuš e Zátin (distrito de Trebišov)], FI, UK (Irlanda do Norte, excepto os distritos de Ballinran Upper, Carrigenagh Upper, Ballinran e Carrigenagh no condado de Down, e a circunscrición electoral de Dunmurry Cross en Belfast, condado de Antrim; illa de Man e illas do Canal].»

Catro. O anexo IV modifícase como segue:

a) A parte A modifícase como segue:

i) A sección I modifícase como segue:

– No punto 2, o texto da columna dereita substitúese polo texto seguinte:

«As embalaxes de madeira:

– estarán fabricadas con madeira escascada, como se especifica no anexo I da Norma internacional para medidas fitosanitarias nº 15 da FAO, «Regulamentación da embalaxe de madeira utilizada no comercio internacional»;

– someteranse a un dos tratamentos aprobados que se especifican no anexo I da citada norma internacional, e

– levarán a marca especificada no anexo II da citada norma internacional, que indique que a embalaxe de madeira foi sometida a un tratamento fitosanitario aprobado de conformidade coa dita norma.»

– No punto 5, o texto da columna esquerda substitúese polo texto seguinte:

«Madeira de Platanus L., excepto a que se presente en forma de:

– estelas, partículas, serraduras, labras, residuos ou material de refugallo,

– embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, palés, palés caixa e demais plataformas para carga, colariños para palés, achas de estibar, utilizados ou non para o transporte de mercadorías de todo tipo, excepto achas de estibar para suxeitar envíos de madeira, feitos de madeira do mesmo tipo e da mesma calidade que a madeira do envío e que cumpran os mesmos requisitos fitosanitarios da Unión que a madeira do envío, incluída a que non conserve a súa superficie arredondada habitual, orixinaria de Armenia, os Estados Unidos ou Suíza.»

– Despois do punto 7.3 insírense os puntos seguintes:

«7.4 Esta ou non incluída nos códigos NC da parte B do anexo V, madeira de Amelanchier Medik., Aronia Medik., Cotoneaster Medik., Crataegus L., Cydonia Mill.,

Malus Mill., Prunus L., Pyracantha M. Roem., Pyrus L. e Sorbus L., que non sexa en forma de:

– estelas, serraduras e labras, obtidas na súa totalidade ou en parte deses vexetais,

– embalaxes de madeira en forma de caixóns, caixas, gaiolas, tambores e envases similares, palés, palés caixa e demais plataformas para carga, colariños para palés, achas de estibar, utilizados ou non para o transporte de mercadorías de todo tipo, excepto achas de estibar para suxeitar envíos de madeira, feitos de madeira do mesmo tipo e da mesma calidade que a madeira dos envíos e que cumpran os mesmos requisitos fitosanitarios da Unión que a madeira do envío, pero incluída a madeira que non conservou a súa superficie arredondada habitual, orixinaria do Canadá e os Estados Unidos.

Declaración oficial de que madeira:

a) é orixinaria dunha zona libre de Saperda candida Fabricius, segundo establece o servizo fitosanitario nacional do país de orixe de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, mencionada nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), baixo a epígrafe «Declaración adicional», ou

b) foi sometida a un tratamento térmico adecuado co fin de alcanzar unha temperatura mínima de 56°C durante un mínimo de 30 minutos seguidos en todo o perfil da madeira, do que se deixará constancia nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), ou

c) foi sometida a unha radiación ionizante adecuada co fin de alcanzar unha dose mínima absorbida de 1 kGy en todo o perfil da madeira, do que se deixará constancia nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii),

7.5 Esta ou non incluída nos códigos NC da parte B do anexo V, madeira en forma de estelas, obtidas na súa totalidade ou en parte de Amelanchier Medik., Aronia Medik., Cotoneaster Medik., Crataegus L., Cydonia Mill., Malus Mill., Prunus L., Pyracantha M. Roem., Pyrus L. e Sorbus L., orixinaria do Canadá e os Estados Unidos.

Declaración oficial de que madeira:

a) é orixinaria dunha zona libre de Saperda candida Fabricius, segundo establece o servizo fitosanitario nacional do país de orixe de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, mencionada nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), da presente directiva baixo a epígrafe «Declaración adicional», ou

b) foi transformada en anacos de espesor e largura igual ou inferior a 2,5 cm, ou

c) foi sometida a un tratamento térmico adecuado co fin de alcanzar unha temperatura mínima de 56 °C durante un mínimo de 30 minutos en todo o perfil das estelas, do que se deixará constancia nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii).»

– No punto 14, o texto da columna dereita substitúese polo texto seguinte:

«Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais que figuran no anexo IV, parte A, capítulo I, punto 11.4, declaración oficial de que non se observaron signos de Candidatus Phytoplasma ulmi na parcela de produción nin nas súas inmediacións desde o comezo do último ciclo completo de vexetación».

– Despois do punto 14 insírese o seguinte punto:

«14.1 Vexetais destinados á plantación, con excepción de varas, escallos, vexetais en cultivo de tecidos, pole e sementes de Amelanchier Medik., Aronia

Medik., Cotoneaster Medik., Crataegus L., Cydonia Mill., Malus Mill., Prunus L., Pyracantha M. Roem., Pyrus L. e Sorbus L. orixinarios do Canadá e os Estados Unidos.

Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais que figuran no anexo III, parte A, puntos 9 e 18, no anexo III, parte B, puntos 1 e 2, ou no anexo IV, parte A, capítulo I, puntos 17, 19.1, 19.2, 20, 22.1, 22.2, 23.1 e 23.2, segundo proceda, declaración oficial de que:

a) foron cultivados en todo momento nunha zona libre de Saperda candida Fabricius, segundo establece o servizo fitosanitario nacional do país de orixe de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, mencionada nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), da presente directiva baixo a epígrafe «Declaración adicional», ou

b) foron cultivados, durante un período mínimo de dous anos previo á exportación, ou, no caso de vexetais que teñan menos de dous anos, ao longo de toda a súa vida, nunha parcela de produción declarada libre de Saperda candida Fabricius de acordo coas normas internacionais para medidas fitosanitarias,

i) que está rexistrada e supervisada polo servizo fitosanitario nacional do país de orixe, e

ii) que foi sometida a dous controis oficiais anuais para detectar calquera indicio de Saperda candida Fabricius, realizados ao seu debido tempo, e

iii) onde os vexetais se cultivaron nun sitio:

– con protección física completa contra a introdución de Saperda candida Fabricius, ou

– coa aplicación dos tratamentos preventivos adecuados e rodeado dunha zona tampón cun raio de, ao menos, 500 m, na que anualmente se realizan, ao seu debido tempo, inspeccións oficiais para confirmar a ausencia de Saperda candida Fabricius, e

iv) inmediatamente antes da exportación, os vexetais sometéronse a unha inspección minuciosa para detectar a presenza de Saperda candida Fabricius, en particular, nos talos dos vexetais, con inclusión, se é o caso, de mostraxe destrutiva.»

– O punto 16.2 substitúese polo texto seguinte:

«16.2 Fritos de Citrus L., Fortunella Swingle, Poncirus Raf., Microcitrus Swingle, Naringi Adans., Swinglea Merr. e os seus híbridos, orixinarios de terceiros países.

Sen prexuízo das disposicións aplicables aos fritos que figuran no anexo IV, parte A, capítulo I, puntos 16.1, 16.3, 16.4, 16.5 e 16.6, declaración oficial de que:

a) os fritos son orixinarios dun país recoñecido libre de Xanthomonas citri pv. citri e Xanthomonas citri pv. aurantifolii de acordo coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, sempre que o dito status fose previamente comunicado por escrito á Comisión polo servizo fitosanitario nacional do terceiro país en cuestión, ou

b) os fritos son orixinarios dunha zona que o servizo fitosanitario nacional do país de orixe declarase libre de Xanthomonas citri pv. citri e Xanthomonas citri pv. aurantifolii de acordo coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, mencionada nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), baixo a epígrafe «Declaración adicional», sempre que o dito status fose previamente comunicado por escrito á Comisión polo servizo fitosanitario nacional do terceiro país en cuestión, ou

c) os fritos son orixinarios dunha parcela de produción que o servizo fitosanitario nacional do país de orixe declarase libre de Xanthomonas citri pv. citri e Xanthomonas citri pv. aurantifolii de acordo coas normas internacionais para

medidas fitosanitarias, mencionada nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), baixo a epígrafe «Declaración adicional», ou

d) a parcela de produción e as súas inmediacións se someten aos apropiados tratamentos e prácticas de cultivo contra *Xanthomonas citri* pv. *citri* e *Xanthomonas citri* pv. *aurantifolii*, e os froitos se someteron a un tratamento con ortofenilfenato de sodio, ou a outro tratamento eficaz mencionado nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), sempre que o método de tratamento fose previamente comunicado por escrito á Comisión polo servizo fitosanitario nacional do terceiro país en cuestión, e as inspeccións oficiais, realizadas ao seu debido tempo, previas á exportación, puxeron de manifesto que os froitos non presentan signos de *Xanthomonas citri* pv. *citri* e *Xanthomonas citri* pv. *aurantifolii*, e os certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), conteñen información sobre rastrexabilidade, ou

e) no caso dos froitos destinados á súa transformación industrial, as inspeccións oficiais previas á exportación puxeron de manifesto que os froitos non presentan signos de *Xanthomonas citri* pv. *citri* e *Xanthomonas citri* pv. *aurantifolii*, e a parcela de produción e as súas inmediacións se someten aos apropiados tratamentos e prácticas de cultivo contra *Xanthomonas citri* pv. *citri* e *Xanthomonas citri* pv. *aurantifolii*, e o transporte, o almacenamento e a transformación teñen lugar en condicións autorizadas de conformidade co procedemento recollido no artigo 18, punto 2, e os froitos foron transportados en envases unitarios provistos dunha etiqueta cun código de rastrexabilidade e a indicación de que están destinados á súa transformación industrial, e os certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), conteñen información sobre rastrexabilidade.»

– O punto 16.3 substitúese polo texto seguinte:

«16.3 Froitos de *Citrus* L., *Fortunella Swingle*, *Poncirus Raf.* e os seus híbridos, orixinarios de terceiros países.

Sen prexuízo das disposicións aplicables aos froitos que figuran no anexo IV, parte A, capítulo I, puntos 16.1, 16.2, 16.4 e 16.5, declaración oficial de que:

a) os froitos son orixinarios dun país recoñecido libre de *Cercospora angolensis* Carv. et Mendes, de acordo coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, sempre que o dito status fose previamente comunicado por escrito á Comisión polo servizo fitosanitario nacional do terceiro país en cuestión, ou

b) os froitos son orixinarios dunha zona recoñecida libre de *Cercospora angolensis* Carv. et Mendes, de acordo coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, mencionada nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), baixo a epígrafe «Declaración adicional», sempre que o dito status fose previamente comunicado por escrito á Comisión polo servizo fitosanitario nacional do terceiro país en cuestión, ou

c) non se observaron signos de *Cercospora angolensis* Carv. et Mendes na parcela de produción nin nas súas inmediacións desde o principio do último ciclo de vexetación, nin ningún dos froitos colleitados na parcela de produción presentou, nun exame oficial adecuado, signos deste organismo.»

– O punto 16.4 substitúese polo texto seguinte:

«16.4 Froitos de *Citrus* L., *Fortunella Swingle*, *Poncirus Raf.* e os seus híbridos, distintos dos froitos de *Citrus aurantium* L. e *Citrus latifolia* Tanaka, orixinarios de terceiros países.

Sen prexuízo das disposicións aplicables aos froitos que figuran no anexo IV, parte A, capítulo I, puntos 16.1, 16.2, 16.3, 16.5 e 16.6, declaración oficial de que:

a) os froitos son orixinarios dun país recoñecido libre de *Phyllosticta citricarpa* (McAlpine) Van der Aa, de acordo coas normas internacionais para medidas

fitosanitarias, sempre que o dito status fose previamente comunicado por escrito á Comisión polo servizo fitosanitario nacional do terceiro país en cuestión, ou

b) os froitos son orixinarios dunha zona recoñecida polo servizo fitosanitario nacional como libre de *Phyllosticta citricarpa* (McAlpine) Van der Aa, de acordo coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, mencionada nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), baixo a epígrafe «Declaración adicional», sempre que o dito status fose previamente comunicado por escrito á Comisión polo servizo fitosanitario nacional do terceiro país en cuestión, ou

c) os froitos son orixinarios dunha parcela de produción que o servizo fitosanitario nacional do país de orixe declarou libre de *Phyllosticta citricarpa* (McAlpine) Van der Aa, de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, mencionada nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), baixo a epígrafe «Declaración adicional», e nunha inspección oficial dunha mostra representativa, establecida de conformidade coas normas internacionais, considerouse que os froitos non presentan signos de *Phyllosticta citricarpa* (McAlpine) Van der Aa, ou

d) os froitos son orixinarios dunha parcela de produción sometida aos apropiados tratamentos e prácticas de cultivo contra *Phyllosticta citricarpa* (McAlpine) Van der Aa, e a parcela de produción foi sometida a inspeccións oficiais durante o período vexetativo desde o principio do último ciclo de vexetación, sen que se observasen signos de *Phyllosticta citricarpa* (McAlpine) Van der Aa nos froitos, e nunha inspección oficial dunha mostra representativa, establecida de conformidade coas normas internacionais, previa á exportación, considerouse que os froitos colleitados na dita parcela de produción non presentan signos de *Phyllosticta citricarpa* (McAlpine) Van der Aa, e os certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), conteñen información sobre rastrexabilidade, ou

e) no caso dos froitos destinados á súa transformación industrial, unha inspección oficial dunha mostra representativa, establecida de conformidade coas normas internacionais, previa á exportación, puxo de manifesto que os froitos non presentan signos de *Phyllosticta citricarpa* (McAlpine) Van der Aa, e declaración de que os froitos son orixinarios dunha parcela de produción sometida aos tratamentos apropiados contra *Phyllosticta citricarpa* (McAlpine) Van der Aa, realizados ao seu debido tempo, incluída nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), baixo a epígrafe «Declaración adicional», e o transporte, o almacenamento e a transformación teñen lugar en condicións autorizadas de conformidade co procedemento recollido no artigo 18, punto 2, e os froitos foron transportados en envases unitarios provistos dunha etiqueta cun código de rastrexabilidade e a indicación de que están destinados á súa transformación industrial, e os certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), conteñen información sobre rastrexabilidade.»

– Despois do punto 16.5 insírese o seguinte punto:

«16.6 Froitos de *Capsicum* (L.), *Citrus* L., distintos de *Citrus limon* (L.) Osbeck e *Citrus aurantiifolia* (Christm.) Swingle, *Prunus persica* (L.) Batsch e *Punica granatum* L. orixinarios de países do continente africano, Cabo Verde, Santa Helena, Madagascar, Reunión, Mauricio e Israel.

Sen prexuízo das disposicións aplicables aos froitos que figuran no anexo IV, parte A, capítulo I, puntos 16.1, 16.2, 16.3, 16.4, 16.5 e 36.3, declaración oficial de que os froitos:

a) son orixinarios dun país declarado libre de *Thaumatotibia leucotreta* (Meyrick) de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, ou

b) son orixinarios dunha zona libre de *Thaumatotibia leucotreta* (Meyrick), segundo establececese o servizo fitosanitario nacional do país de orixe de

conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, mencionada nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), baixo a epígrafe «Declaración adicional», ou

c) son orixinarios dunha parcela de produción libre de *Thaumatotibia leucotreta* (Meyrick), segundo establece o servizo fitosanitario nacional do país de orixe de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, e os certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), conteñen información sobre rastrexabilidade, e na parcela de produción se levaron a cabo, ao seu debido tempo, durante o período vexetativo inspeccións oficiais, incluído un exame visual de mostras representativas dos froitos, e estes están libres de *Thaumatotibia leucotreta* (Meyrick), ou

d) se someteron a un tratamento frigorífico eficaz ou a outro tipo de tratamento que garanta que están libres de *Thaumatotibia leucotreta* (Meyrick) e os datos do tratamento están indicados nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), sempre que o método de tratamento fose previamente comunicado por escrito á Comisión polo servizo fitosanitario nacional do terceiro país en cuestión.»

– O punto 18.2 substitúese polo texto seguinte:

«18.2 Vexetais de *Casimiroa La Llave*, *Choisya Kunth Clausena* Burm. f., *Murraya J. Koenig ex L.*, *Vepris Comm*, *Zanthoxylum L.*, excepto os froitos e sementes, orixinarios de terceiros países.

Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais do anexo IV, parte A, capítulo I, puntos 18.1 e 18.3, declaración oficial de que:

a) os vexetais son orixinarios dun país do que se sabe que está libre de *Trioza erytrae* del Guercio, ou

b) os vexetais son orixinarios dunha zona libre de *Trioza erytrae* del Guercio, expedida polo servizo fitosanitario nacional de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias e mencionada no certificado recollido no artigo 13, punto 1, inciso ii), baixo a epígrafe «Declaración adicional», ou

c) os vexetais foron cultivados nunha parcela de produción rexistrada e supervisada polo servizo fitosanitario nacional do país de orixe, e onde os vexetais se colocaron nun sitio con protección física completa contra a introdución de *Trioza erytrae* del Guercio, e na que, durante o último ciclo completo de vexetación anterior ao traslado, se realizaron dúas inspeccións oficiais ao seu debido tempo sen que se observasen signos de *Trioza erytrae* del Guercio no dito sitio nin nunha zona circundante dun raio mínimo de 200 m.»

– Despois do punto 18.3 insírese o seguinte punto:

«18.4 Vexetais de *Microcitrus Swingle*, *Naringi Adans.* e *Swinglea Merr.*, excepto os froitos e sementes, orixinarios de terceiros países.

Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais do anexo IV, parte A, capítulo I, puntos 18.1, 18.2 e 18.3, declaración oficial de que os vexetais:

a) son orixinarios dun país recoñecido libre de *Xanthomonas citri* pv. *citri* e de *Xanthomonas citri* pv. *aurantifolii* de acordo coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, sempre que o dito status fose comunicado por escrito á Comisión polo servizo fitosanitario nacional do terceiro país en cuestión, ou

b) son orixinarios dunha zona que o servizo fitosanitario nacional do país de orixe declarase libre de *Xanthomonas citri* pv. *citri* e *Xanthomonas citri* pv. *aurantifolii* de acordo coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, mencionada nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), baixo a epígrafe «Declaración adicional», sempre que o dito status fose comunicado por escrito á Comisión polo servizo fitosanitario nacional do terceiro país en cuestión.»

- No punto 19.2, columna esquerda, «*Xanthomonas campestris* pv. *pruni* (Smith) Dye» substitúese por «*Xanthomonas arboricola* pv. *pruni* (Smith) Vauterin et al.»
- Despois do punto 25.7, insírense os puntos seguintes:

«25.7.1 Vexetais de *Solanum lycopersicum* L. e *Solanum melongena* L., excepto os froitos e as sementes.

Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais que figuran no anexo III, parte A, punto 13, e no anexo IV, parte A, capítulo I, puntos 25.5, 25.6, 25.7, 28.1 e 45.3, declaración oficial de que:

a) son orixinarios dun país declarado libre de *Keiferia lycopersicella* (Walsingham) de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, ou

b) son orixinarios dunha zona libre de *Keiferia lycopersicella* (Walsingham), segundo establece o servizo fitosanitario nacional do país de orixe de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, mencionada nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), baixo a epígrafe «Declaración adicional».

25.7.2 Froitos de *Solanum lycopersicum* L. e *Solanum melongena* L.
Declaración oficial de que os froitos:

a) son orixinarios dun país declarado libre de *Keiferia lycopersicella* (Walsingham) de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, ou

b) son orixinarios dunha zona libre de *Keiferia lycopersicella* (Walsingham), segundo establece o servizo fitosanitario nacional do país de orixe de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, mencionada nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), baixo a epígrafe «Declaración adicional», ou

c) son orixinarios dunha parcela de produción libre de *Keiferia lycopersicella* (Walsingham), a raíz de inspeccións oficiais realizadas durante os tres meses anteriores á exportación, mencionada nos certificados a que fai referencia o artigo 13, punto 1, inciso ii), da presente directiva baixo a epígrafe «Declaración adicional».

- No punto 52, columna esquerda, «Sementes de *Zea mais* L.» substitúese por «Sementes de *Zea mays* L.».

ii) A sección II modifícase como segue:

- Despois do punto 8 insírese o seguinte punto:

«8.1 Vexetais de *Ulmus* L., destinados á plantación, excepto as sementes.

Declaración oficial de que non se observaron signos de *Candidatus Phytoplasma ulmi* na parcela de produción nin nas inmediacións desde o principio do último ciclo completo de vexetación.»

- O punto 10.1 substitúese polo texto seguinte:

«10.1 Vexetais de *Citrus* L., *Choisya* Kunth, *Fortunella* Swingle, *Poncirus* Raf. e os seus híbridos e *Casimiroa La Llave*, *Clausena* Burm f., *Murraya* J. Koenig ex L., *Vepris* Comm., *Zanthoxylum* L., excepto os froitos e sementes.

Declaración oficial de que os vexetais:

a) proceden dunha zona libre de *Trioza erytrae* del Guercio, segundo establece o servizo fitosanitario nacional de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, ou

b) foron cultivados nunha parcela de produción rexistrada e supervisada polas autoridades competentes do Estado membro de orixe, e onde os vexetais se colocaron nun sitio con protección física completa contra a introdución de *Trioza erytrae* del Guercio, e na que, durante o último ciclo completo de vexetación anterior ao traslado, se realizaron dúas inspeccións oficiais ao seu debido tempo sen que se observasen signos de *Trioza erytrae* del Guercio no dito sitio nin nunha zona circundante dun raio mínimo de 200 m.»

– No punto 12, columna dereita, «*Xanthomonas campestris* pv. *pruni* (Smith) Dye» substitúese por «*Xanthomonas arboricola* pv. *pruni* (Smith) Vauterin et al»

b) A parte B modifícase como segue:

i) no punto 6.4, o texto da terceira columna substitúese polo texto seguinte:

«IRL, UK»;

ii) no punto 12.1, o texto da terceira columna substitúese polo texto seguinte:

«IRL, UK»;

iii) tras o punto 16, insírese o punto 16.1 seguinte:

«16.1 Vexetais de *Pinus* L., destinados á plantación, excepto os froitos e sementes.

Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais que figuran no anexo III, parte A, punto 1, no anexo IV, parte A, capítulo I, puntos 8.1, 8.2, 9 e 10, no anexo IV, parte A, sección II, puntos 4 e 5, ou no anexo IV, parte B, puntos 7, 8, 9, 10, 11, 12 e 16, declaración oficial de que:

a) os vexetais se cultivaron, en todo momento, en parcelas de produción de países nos que non se ten constancia da presenza de *Thaumatococcus panyocampa* Denis & Schiffermüller, ou

b) os vexetais se cultivaron, en todo momento, nunha zona declarada libre de *Thaumatococcus panyocampa* Denis & Schiffermüller polo servizo fitosanitario nacional de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, ou

c) os vexetais foron producidos en viveiros que están, así como as súas inmediacións, libres de *Thaumatococcus panyocampa* Denis & Schiffermüller, como se comprobou en inspeccións oficiais realizadas ao seu debido tempo, ou

d) os vexetais se cultivaron, en todo momento, nunha parcela con protección física completa fronte á introdución de *Thaumatococcus panyocampa* Denis & Schiffermüller, foron inspeccionados ao seu debido tempo e se comprobou que están libres de *Thaumatococcus panyocampa* Denis & Schiffermüller.»

iv) no punto 20.3, o texto da terceira columna substitúese polo texto seguinte:

«FI, LV, P (Os Azores), SI, SK»;

v) Despois do punto 20.3 insírense os puntos seguintes:

«20.4 Vexetais con raíces plantados ou destinados á plantación e cultivados ao aire libre.

Deberán existir probas documentais de que os vexetais son orixinarios dun campo do que se sabe que está libre de *Globodera rostochiensis* (Wollenweber) Behrens. P (Os Azores).

20.5 Vexetais de *Prunus* L., destinados á plantación, excepto as sementes.

Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais recollidos no anexo III, parte A, puntos 9 e 18, no anexo IV, parte A, capítulo I, puntos 19.2, 23.1 e 23.2 ou no anexo IV, parte A, sección II, puntos 12 e 16, declaración oficial de que:

a) os vexetais se cultivaron, en todo momento, en parcelas de produción de países nos que non se ten constancia da presenza de *Xanthomonas arboricola* pv. *pruni* (Smith) Vauterin et al, ou

b) os vexetais se cultivaron, en todo momento, nunha zona declarada libre de *Xanthomonas arboricola* pv. *pruni* (Smith) Vauterin et al. polo servizo fitosanitario nacional de conformidade coas normas para medidas fitosanitarias, ou

c) os vexetais proceden en liña directa de estirpes de orixe que non presentaron signos de *Xanthomonas arboricola* pv. *pruni* (Smith) Vauterin et al durante o último ciclo completo de vexetación, e non se observaron signos de *Xanthomonas arboricola* pv. *pruni* (Smith) Vauterin et al. nos vexetais da parcela de produción desde o inicio do último ciclo de vexetación completo, ou

d) no caso de vexetais de *Prunus laurocerasus* L. e *Prunus lusitanica* L. cuxo envase ou outros elementos se demostre que están destinados á venda a consumidores finais non dedicados á produción profesional de vexetais, non se observaron signos de *Xanthomonas arboricola* pv. *pruni* (Smith) Vauterin et al. nos vexetais da parcela de produción desde o inicio do último ciclo de vexetación completo.»

vi) no punto 21, o texto da terceira columna substitúese polo texto seguinte:

«E [excepto as comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Extremadura, Madrid, Murcia, Navarra e La Rioja, a provincia de Gipuzkoa (País Vasco), as comarcas de Garrigues, Noguera, Pla d'Urgell, Segrià e Urgell, da provincia de Lleida (Comunidade Autónoma de Cataluña), as comarcas de l'Alt Vinalopó e o Vinalopó Mitjà, da provincia de Alacant, e os municipios de Alborache e Turís, da provincia de Valencia (Comunidade Valenciana)], EE, F (Córsega), IRL (excepto a cidade de Galway), I [Abruzos, Apulia, Basilicata, Calabria, Campania, Emilia-Romaña (provincias de Parma e Piacenza), Lacio, Liguria, Lombardía (excepto as provincias de Mantua, Milano, Sondrio e Varese), Marche, Molise, Piemonte (excepto os municipios de Busca, Centallo e Tarantasca na provincia de Cuneo), Sardeña, Sicilia, Toscana, Umbría, Val de Aosta, Véneto (excepto as provincias de Rovigo e Venecia, os municipios de Barbona, Boara Pisani, Castelbaldo, Masi, Piacenza d'Adige, S. Urbano e Vescovana na provincia de Padua e a zona situada ao sur da autoestrada A 4 na provincia de Verona)], LV, LT [excepto os municipios de Babtai e Kėdainiai (rexión de Kaunas)], P, SI [excepto as rexións de Gorenjska, Koroška, Maribor e Notranjska, e os municipios de Lendava e Renče-Vogrsko (ao sur da autoestrada H4)], SK [excepto o distrito de Dunajská Streda, Hronovce e Hronské Kľačany (distrito de Levice), Dvory nad Žitavou (distrito de Nové Zámky), Málinec (distrito de Poltár), Hrhov (distrito de Rožňava), Veľké Ripňany (distrito de Topoľčany), Kazimír, Luhyňa, Malý Horeš, Svätuše e Zátín (distrito de Trebišov)], FI, UK (Irlanda do Norte, excepto os distritos de Ballinran Upper, Carrigenagh Upper, Ballinran e Carrigenagh no condado de Down, e a circunscrición electoral de Dunmurry Cross en Belfast, condado de Antrim; illa de Man e illas do Canal].»;

vii) no punto 21.1, o texto da segunda columna substitúese polo texto seguinte:

«Sen prexuízo da prohibición establecida no anexo III, parte A, punto 15, sobre a introdución na Unión de vexetais de *Vitis* L., excepto os froitos, procedentes de terceiros países (salvo Suíza), declaración oficial de que os ditos vexetais:

a) son orixinarios das zonas protexidas citadas na columna dereita, ou

b) se someteron a un tratamento adecuado que garanta que están libres de *Daktulosphaira vitifoliae* (Fitch) segundo a especificación aprobada de conformidade co procedemento recollido no artigo 18, punto 2.»;

viii) no punto 21.3, o texto da terceira columna substitúese polo texto seguinte:

«E [excepto as comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Extremadura, Madrid, Murcia, Navarra e La Rioja, a provincia de Gipuzkoa (País Vasco), as comarcas de Garrigues, Noguera, Pla d'Urgell, Segrià e Urgell, da provincia de Lleida (Comunidade Autónoma de Cataluña), as comarcas de l'Alt Vinalopó e o Vinalopó Mitjà, da provincia de Alacant, e os municipios de Alborache e Turís, da provincia de Valencia (Comunidade Valenciana)], EE, F (Córsega), IRL (excepto a cidade de Galway), I [Abruzos, Apulia, Basilicata, Calabria, Campania, Emilia-Romaña (provincias de Parma e Piacenza), Lacio, Liguria, Lombardía (excepto as provincias de Mantua, Milano, Sondrio e Varese), Marche, Molise, Piemonte (excepto os municipios de Busca, Centallo e Tarantasca na provincia de Cuneo), Sardeña, Sicilia, Toscana, Umbría, Val de Aosta, Véneto (excepto as provincias de Rovigo e Venecia, os municipios de Barbona, Boara Pisani, Castelbaldo, Masi, Piacenza d'Adige, S. Urbano e Vescovana na provincia de Padua e a zona situada ao sur da autoestrada A 4 na provincia de Verona)], LV, LT [excepto os municipios de Babtai e Kédainiai (rexión de Kaunas)], P, SI [excepto as rexións de Gorenjska, Koroška, Maribor e Notranjska, e os municipios de Lendava e Renče-Vogrsko (ao sur da autoestrada H4)], SK [excepto o distrito de Dunajská Streda, Hronovce e Hronské Kľačany (distrito de Levice), Dvory nad Žitavou (distrito de Nové Zámky), Málinec (distrito de Póltár), Hrhov (distrito de Rožňava), Veľké Ripňany (distrito de Topoľčany), Kazimír, Luhyňa, Malý Horeš, Svätuše e Zátin (distrito de Trebišov)], FI, UK (Irlanda do Norte, excepto os distritos de Ballinran Upper, Carrigenagh Upper, Ballinran e Carrigenagh no condado de Down, e a circunscrición electoral de Dunmurry Cross en Belfast, condado de Antrim; illa de Man e illas do Canal].»;

ix) Despois do punto 21.3 insírense os puntos seguintes:

«21.4 Vexetais de *Palmae*, destinados á plantación, cun diámetro do talo na base superior a 5 cm, e pertencentes aos xéneros seguintes: *Brahea* Mart., *Butia* Becc., *Chamaerops* L., *Jubaea* Kunth, *Livistona* R. Br., *Phoenix* L., *Sabal* Adans., *Syagrus* Mart., *Trachycarpus* H. Wendl., *Trithrinax* Mart. e *Washingtonia* Raf.

Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais recollidos no anexo III, parte A, punto 17, o anexo IV, parte A, capítulo I, puntos 37 e 37.1, ou o anexo IV, parte A, sección II, punto 19.1, declaración oficial de que:

a) os vexetais se cultivaron, en todo momento, en parcelas de produción de países dos que se sabe que están libres de *Paysandisia archon* (Burmeister), ou

b) os vexetais se cultivaron, en todo momento, nunha zona declarada libre de *Paysandisia archon* (Burmeister) polo servizo fitosanitario nacional de conformidade coas normas para medidas fitosanitarias, ou

c) foron cultivados, durante un período de ao menos dous anos antes da exportación ou do traslado, nunha parcela de produción:

– que está rexistrada e supervisada polo servizo fitosanitario nacional do país de orixe; e

– onde as plantas se colocaron nun sitio con protección física completa fronte á introdución de *Paysandisia archon* (Burmeister), e

– onde, en tres inspeccións oficiais anuais realizadas ao seu debido tempo, tamén inmediatamente antes do seu traslado desde o lugar de produción, non se observaron signos de *Paysandisia archon* (Burmeister).

IRL, MT, UK

21.5 Vexetais de Palmae, destinados á plantación, cun diámetro do talo na base superior a 5 cm, e pertencentes aos taxons seguintes: *Areca catechu* L., *Arenga pinnata* (Wurmb) Merr., *Bismarckia Hildebr. & H. Wendl.*, *Borassus flabellifer* L., *Brahea armata* S. Watson, *Brahea edulis* H. Wendl., *Butia capitata* (Mart.) Becc., *Calamus merrillii* Becc., *Caryota maxima* Blume, *Caryota cumingii* Lodd. ex Mart., *Chamaerops humilis* L., *Cocos nucifera* L., *Copernicia* Mart., *Corypha utan* Lam., *Elaeis guineensis* Jacq., *Howea forsteriana* Becc., *Jubaea chilensis* (Molina) Baill., *Livistona australis* C. Martius, *Livistona decora* (W. Bull) Dowe, *Livistona rotundifolia* (Lam.) Mart., *Metroxylon sagu* Rottb., *Phoenix canariensis* Chabaud, *Phoenix dactylifera* L., *Phoenix reclinata* Jacq., *Phoenix roebelenii* O'Brien, *Phoenix sylvestris* (L.) Roxb., *Phoenix theophrasti* Greuter, *Pritchardia* Seem. & H. Wendl., *Ravenea rivularis* Jum. & H. Perrier, *Roystonea regia* (Kunth) O. F. Cook, *Sabal palmetto* (Walter) Lodd. ex Schult. & Schult. f., *Syagrus romanzoffiana* (Cham.) Glassman, *Trachycarpus fortunei* (Hook.) H. Wendl. e *Washingtonia* Raf.

Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais recollidos no anexo III, parte A, punto 17, no anexo IV, parte A, capítulo I, puntos 37 e 37.1, ou no anexo IV, parte A, sección II, punto 19.1, declaración oficial de que os vexetais:

- a) se cultivaron, en todo momento, en parcelas de produción de países dos que se sabe que están libres de *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier), ou
- b) se cultivaron, en todo momento, nunha zona declarada libre de *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier) polo servizo fitosanitario nacional de conformidade coas normas internacionais para medidas fitosanitarias, ou
- c) se cultivaron, durante un período de, ao menos, dous anos antes da exportación ou o traslado, nunha parcela de produción:
 - que está rexistrada e supervisada polo servizo fitosanitario nacional do país de orixe; e
 - onde as plantas se colocaron nun sitio con protección física completa fronte á introdución de *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier), e
 - onde, en tres inspeccións oficiais anuais realizadas, ao seu debido tempo, tamén inmediatamente antes do seu traslado desde o lugar de produción, non se observaron signos de *Rhynchophorus ferrugineus* (Olivier).

IRL, P (Os Azores), UK.»;

x) nos puntos 24.1 e 24.2, o texto da terceira columna substitúese polo texto seguinte:

«IRL, P (Os Azores, Beira Interior, Beira Litoral, Entre Douro e Miño e Tras os Montes), FI, S, UK.»;

xi) o punto 24.3 substitúese polo texto seguinte:

«24.3 Vexetais de *Begonia* L. destinados á plantación, excepto as sementes, os tubérculos e os cormos, e vexetais de *Dipladenia* A.DC., *Ficus* L., *Hibiscus* L., *Mandevilla* Lindl. e *Nerium oleander* L. destinados á plantación, excepto as sementes.

Sen prexuízo das disposicións aplicables aos vexetais recollidos no anexo IV, parte A, capítulo I, punto 45.1, cando proceda, declaración oficial de que:

- a) os vexetais son orixenarios dunha zona que se sabe que está exenta de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas), ou
- b) non se observaron signos de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) nos vexetais no lugar de produción con ocasión das inspeccións oficiais levadas a cabo ao menos unha vez cada tres semanas durante as nove semanas anteriores á súa comercialización, ou

c) nos casos nos que se detectase a presenza de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) no lugar de produción, os vexetais mantidos ou producidos nese lugar de produción foron sometidos a un tratamento adecuado para garantir a ausencia de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) e, posteriormente, ese lugar de produción foi declarado exento de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) como consecuencia da aplicación dos procedementos adecuados da súa erradicación, tanto nas inspeccións oficiais levadas a cabo durante as tres semanas anteriores ao traslado desde o lugar de produción como nos procedementos de control aplicados durante o dito período, ou

d) no caso dos vexetais cuxo envase, desenvolvemento floral ou outros elementos demostren que están destinados á venda directa a consumidores finais non dedicados á produción profesional de vexetais, foron sometidos a unha inspección oficial e declarados libres de *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións europeas) inmediatamente antes do seu traslado.

IRL, P (Os Azores, Beira Interior, Beira Litoral, Entre Douro e Miño e Tras os Montes), FI, S, UK.»;

xii) no punto 33, o texto da terceira columna substitúese polo texto seguinte:

«IRL, UK.»

Cinco. O anexo V modifícase como segue:

a) A parte A modifícase como segue:

i) A sección I modifícase como segue:

– O punto 1.4 substitúese polo texto seguinte:

«1.4 Vexetais de *Choisya Kunth*, *Fortunella Swingle*, *Poncirus Raf.* e os seus híbridos, *Casimiroa La Llave*, *Clausena Burm. f.*, *Murraya J. Koenig ex L.*, *Vepris Comm.*, *Zanthoxylum L.* e *Vitis L.*, excepto os froitos e sementes.»

– No punto 1.7, o cadro que figura na letra b) substitúese polo seguinte:

«Código NC Descrición.

4401 12 00 Leña distinta da de coníferas, en anacos, achas, garabullos, feixes de ramallos ou formas similares.

4401 22 00 Madeira distinta da de coníferas, en plaquiñas ou partículas.

4401 40 90 Desperdicios e refugallos de madeira (excepto as serraduras), sen aglomerar.

Ex 4403 12 00 Madeira en bruto distinta da de coníferas, tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada.

Ex 4403 99 00 Madeira distinta da de coníferas [que non sexa madeira tropical, carballo (*Quercus spp.*), faia (*Fagus spp.*), abidueira (*Betula spp.*), chopo (*Populus spp.*) ou eucalipto (*Eucalyptus spp.*)], en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación.

Ex 4404 20 00 Rodrugas fendidas procedentes de vexetais distintos das coníferas: estacas e estaquiñas de madeira, apuntoadas sen serrar lonxitudinalmente.

Ex 4407 99 Madeira distinta da de coníferas [que non sexa madeira tropical, carballo (*Quercus spp.*), faia (*Fagus spp.*), pradairo (*Acer spp.*), cerdeira (*Prunus spp.*), freixo (*Fraxinus spp.*), abidueira (*Betula spp.*) ou chopo (*Populus spp.*)], serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, incluso cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm.»

– O punto 2.1 substitúese polo texto seguinte:

«2.1 Vexetais destinados á plantación, excepto as sementes, dos xéneros *Abies* Mill., *Apium graveolens* L., *Argyranthemum* spp., *Asparagus officinalis* L., *Aster* spp., *Brassica* spp., *Castanea* Mill., *Cucumis* spp., *Dendranthema* (DC.) Des Moul., *Dianthus* L. e híbridos, *Exacum* spp., *Fragaria* L., *Gerbera* Cass., *Gypsophila* L., todas as variedades de híbridos de Nova Guinea de *Impatiens* L., *Lactuca* spp., *Larix* Mill., *Leucanthemum* L., *Lupinus* L., *Pelargonium* l'Hérit. ex Ait., *Picea* A. Dietr., *Pinus* L., *Platanus* L., *Populus* L., *Prunus laurocerasus* L., *Prunus lusitanica* L., *Pseudotsuga* Carr., *Quercus* L., *Rubus* L., *Spinacia* L., *Tanacetum* L., *Tsuga* Carr., *Ulmus* L., *Verbena* L. e outros vexetais de especies herbáceas, excepto os da familia Gramineae, destinados á plantación, e excepto os bulbos, os cormos, os rizomas, as sementes e os tubérculos.»

ii) A sección II modifícase como segue:

– O punto 1.2 substitúese polo texto seguinte:

«1.2 Vexetais destinados á plantación, excepto as sementes, de *Beta vulgaris* L., *Platanus* L., *Populus* L., *Prunus* L. e *Quercus* spp., distintos de *Quercus suber* e *Ulmus* L.»

– Despois do punto 1.3 insírese o seguinte punto:

«1.3.1 Vexetais de *Palmae*, destinados á plantación, cun diámetro do talo na base superior a 5 cm, e pertencentes aos taxons seguintes: *Areca catechu* L., *Arenga pinnata* (Wurmb) Merr., *Bismarckia Hildebr. & H. Wendl.*, *Borassus flabellifer* L., *Brahea* Mart., *Butia Becc.*, *Calamus merrillii* Becc., *Caryota maxima* Blume, *Caryota cumingii* Lodd. ex Mart., *Chamaerops* L., *Cocos nucifera* L., *Copernicia* Mart., *Corypha utan* Lam., *Elaeis guineensis* Jacq., *Howea forsteriana* Becc., *Jubaea* Kunth, *Livistona R. Br.*, *Metroxylon sagu* Rottb., *Phoenix* L., *Pritchardia* Seem. & H. Wendl., *Ravenea rivularis* Jum. & H. Perrier, *Roystonea regia* (Kunth) O. F. Cook, *Sabal Adans.*, *Syagrus* Mart., *Trachycarpus* H. Wendl., *Trithrinax* Mart., *Washingtonia* Raf.»

– No punto 1.10, o cadro que figura na letra b) substitúese polo seguinte:

«Código NC Descrición.

4401 11 00 Leña de coníferas en anacos, achas, garabullos, feixes de ramallos ou formas similares.

4401 12 00 Leña distinta da de coníferas, en anacos, achas, garabullos, feixes de ramallos ou formas similares.

4401 21 00 Madeira de coníferas, en plaquiñas ou partículas.

4401 22 00 Madeira distinta da de coníferas, en plaquiñas ou partículas.

4401 40 90 Desperdicios e refugallos de madeira (excepto as serraduras), sen aglomerar.

Ex 4403 11 00 Madeira de coníferas en bruto, tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, incluso escascada, sen sámagou escuadrada.

Ex 4403 12 00 Madeira en bruto distinta da de coníferas, tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, incluso escascada, sen sámagou escuadrada.

Ex 4403 21 Madeira de piñeiro (*Pinus* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, calquera de cuxas seccións transversais sexa de 15 cm ou máis.

Ex 4403 22 00 Madeira de piñeiro (*Pinus* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros

axentes de conservación, distinta daquela cuxas seccións transversais sexan de 15 cm ou máis.

Ex 4403 23 Madeira de abeto (*Abies* spp.) e píceas (*Picea* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagos ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, calquera de cuxas seccións transversais sexa de 15 cm ou máis.

Ex 4403 24 00 Madeira de abeto (*Abies* spp.) e píceas (*Picea* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagos ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, distinta daquela cuxas seccións transversais sexan de 15 cm ou máis.

Ex 4403 25 Madeira de coníferas, excepto a de piñeiro (*Pinus* spp.), abeto (*Abies* spp.) ou píceas (*Picea* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagos ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, calquera de cuxas seccións transversais sexa de 15 cm ou máis.

Ex 4403 26 00 Madeira de coníferas, excepto a de piñeiro (*Pinus* spp.), abeto (*Abies* spp.) ou píceas (*Picea* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagos ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, distinta daquela cuxas seccións transversais sexan de 15 cm ou máis.

Ex 4403 99 00 Madeira distinta da de coníferas [que non sexa madeira tropical, carballo (*Quercus* spp.), faia (*Fagus* spp.), abidueira (*Betula* spp.), chopo (*Populus* spp.) ou eucalipto (*Eucalyptus* spp.)], en bruto, incluso escascada, sen sámagos ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación.

Ex 4404 Rodrugas fendidas; estacas e estaquiñas de madeira, apuntoadas sen serrar lonxitudinalmente.

4406 Travesas (dormentes) de madeira para vías férreas ou similares.

Ex 4407 Madeira de coníferas, serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, incluso cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm.

Ex 4407 99 Madeira distinta da de coníferas [que non sexa madeira tropical, carballo (*Quercus* spp.), faia (*Fagus* spp.), pradairo (*Acer* spp.), cerdeira (*Prunus* spp.), freixo (*Fraxinus* spp.), abidueira (*Betula* spp.) ou chopo (*Populus* spp.)], serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, incluso cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm.»

– O punto 2.1 substitúese polo texto seguinte:

«2.1 Vexetais de *Begonia* L., destinados á plantación, excepto as sementes, os tubérculos e os cormos, e vexetais de *Dipladenia* A.DC., *Euphorbia pulcherrima* Willd., *Ficus* L. *Hibiscus* L., *Mandevilla* Lindl. e *Nerium oleander* L., destinados á plantación, excepto as sementes.»

b) A parte B modifícase como segue:

i) A sección I modifícase como segue:

– No punto 1, «*Zea mais* L.» substitúese por «*Zea mays* L.».

– No punto 2, o décimo guión, «*Amiris P. Browne*» substitúese por «*Amyris P. Browne*».

– O punto 3 modifícase como segue:

– O primeiro guión substitúese polo texto seguinte:

«— *Citrus* L., *Fortunella Swingle*, *Poncirus Raf.*, *Microcitrus Swingle*, *Naringi Adans.*, *Swinglea Merr.* e os seus híbridos, *Momordica* L., *Solanum lycopersicum* L. e *Solanum melongena* L.»

– Engádese o seguinte guión:

«— *Punica granatum* L. orixinario de países do continente africano, Cabo Verde, Santa Helena, Madagascar, Reunión, Mauricio e Israel.»

– O punto 6 modifícase como segue:

– Engádese o seguinte guión á letra a):

«— *Amelanchier* Medik., *Aronia* Medik., *Cotoneaster* Medik., *Crataegus* L., *Cydonia* Mill., *Malus* Mill., *Prunus* L., *Pyracantha* M. Roem., *Pyrus* L. e *Sorbus* L., incluída a madeira que non conserve a súa superficie arredondada habitual, excepto serraduras ou labras, orixinaria do Canadá ou os EE. UU.»

– O cadro que figura na letra b) substitúese polo seguinte:

«Código NC Descrición.

4401 11 00 Leña de coníferas en anacos, achas, garabullos, feixes de ramallos ou formas similares.

4401 12 00 Leña distinta da de coníferas, en anacos, achas, garabullos, feixes de ramallos ou formas similares.

4401 21 00 Madeira de coníferas, en plaquiñas ou partículas.

4401 22 00 Madeira distinta da de coníferas, en plaquiñas ou partículas.

4401 40 10 Serraduras, sen aglomerar.

4401 40 90 Desperdicios e refugallos de madeira (excepto as serraduras), sen aglomerar.

Ex 4403 11 00 Madeira de coníferas en bruto, tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada.

Ex 4403 12 00 Madeira en bruto distinta da de coníferas, tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada.

Ex 4403 21 Madeira de piñeiro (*Pinus* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, calquera de cuxas seccións transversais sexa de 15 cm ou máis.

Ex 4403 22 00 Madeira de piñeiro (*Pinus* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, distinta daquela cuxas seccións transversais sexan de 15 cm ou máis.

Ex 4403 23 Madeira de abeto (*Abies* spp.) e píceas (*Picea* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, calquera de cuxas seccións transversais sexa de 15 cm ou máis.

Ex 4403 24 00 Madeira de abeto (*Abies* spp.) e píceas (*Picea* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, distinta daquela cuxas seccións transversais sexan de 15 cm ou máis.

Ex 4403 25 Madeira de coníferas, excepto a de piñeiro (*Pinus* spp.), abeto (*Abies* spp.) ou píceas (*Picea* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, calquera de cuxas seccións transversais sexa de 15 cm ou máis.

Ex 4403 26 00 Madeira de coníferas, excepto a de piñeiro (*Pinus* spp.), abeto (*Abies* spp.) ou píceas (*Picea* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, distinta daquela cuxas seccións transversais sexan de 15 cm ou máis.

4403 91 00 Madeira de carballo (*Quercus* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación.

4403 95 Madeira de abidueira (*Betula* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, calquera de cuxas seccións transversais sexa de 15 cm ou máis.

4403 96 00 Madeira de abidueira (*Betula* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, distinta daquela de cuxas seccións transversais sexan de 15 cm ou máis.

4403 97 00 Madeira de chopo (*Populus* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación.

Ex 4403 99 00 Madeira distinta da de coníferas [que non sexa madeira tropical, carballo (*Quercus* spp.), faia (*Fagus* spp.), abidueira (*Betula* spp.), chopo (*Populus* spp.) ou eucalipto (*Eucalyptus* spp.)], en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación.

Ex 4404 Rodrugas fendidas; estacas e estaquiñas de madeira, apuntoadas sen serrar lonxitudinalmente.

4406 Travesas (dormentes) de madeira para vías férreas ou similares.

Ex 4407 Madeira de coníferas, serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, incluso cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm.

4407 91 Madeira de carballo (*Quercus* spp.) serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, incluso cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm.

Ex 4407 93 Madeira de *Acer saccharum* Marsh, serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, incluso cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm.

4407 94 Madeira de cerdeira (*Prunus* spp.), serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, incluso cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm.

4407 95 Madeira de freixo (*Fraxinus* spp.), serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, incluso cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm.

4407 96 Madeira de abidueira (*Betula* spp.), serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, incluso cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm.

4407 97 Madeira de chopo (*Populus* spp.), serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, incluso cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm.

Ex 4407 99 Madeira distinta da de coníferas [que non sexa madeira tropical, carballo (*Quercus* spp.), faia (*Fagus* spp.), pradairo (*Acer* spp.), cerdeira (*Prunus* spp.), freixo (*Fraxinus* spp.), abidueira (*Betula* spp.) ou chopo (*Populus* spp.)], serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, incluso cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm.

4408 10 Follas de coníferas para chapados, incluídas as obtidas por corta de madeira estratificada, para contrachapados ou para madeiras estratificadas similares e demais madeiras serradas lonxitudinalmente, cortadas ou peladas, incluso cepilladas, lixadas, unidas lonxitudinalmente ou polos extremos, de espesor inferior ou igual a 6 mm.

4416 00 00 Bocois, cubas, pipas e demais manufacturas de tonelaría e as súas partes, de madeira, incluídas as doelas.

9406 10 00 Construcións prefabricadas de madeira».

ii) A sección II modifícase como segue:

– No punto 7, o cadro que figura na letra b) substitúese polo seguinte:

«Código NC Descrición.

4401 11 00 Leña de coníferas en anacos, achas, garabullos, feixes de ramallos ou formas similares.

4401 12 00 Leña distinta da de coníferas, en anacos, achas, garabullos, feixes de ramallos ou formas similares.

4401 21 00 Madeira de coníferas, en plaquiñas ou partículas.

4401 22 00 Madeira distinta da de coníferas, en plaquiñas ou partículas.

4401 40 90 Desperdicios e refugallos de madeira (excepto as serraduras), sen aglomerar.

Ex 4403 11 00 Madeira de coníferas en bruto, tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada.

Ex 4403 12 00 Madeira en bruto distinta da de coníferas, tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada.

Ex 4403 21 Madeira de piñeiro (*Pinus* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, calquera de cuxas seccións transversais sexa de 15 cm ou máis.

Ex 4403 22 00 Madeira de piñeiro (*Pinus* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, distinta daquela cuxas seccións transversais sexan de 15 cm ou máis.

Ex 4403 23 Madeira de abeto (*Abies* spp.) e píceas (*Picea* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, calquera de cuxas seccións transversais sexa de 15 cm ou máis.

Ex 4403 24 00 Madeira de abeto (*Abies* spp.) e píceas (*Picea* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, distinta daquela cuxas seccións transversais sexan de 15 cm ou máis.

Ex 4403 25 Madeira de coníferas, excepto a de piñeiro (*Pinus* spp.), abeto (*Abies* spp.) ou píceas (*Picea* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, calquera de cuxas seccións transversais sexa de 15 cm ou máis.

Ex 4403 26 00 Madeira de coníferas, excepto a de piñeiro (*Pinus* spp.), abeto (*Abies* spp.) ou píceas (*Picea* spp.), en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación, distinta daquela cuxas seccións transversais sexan de 15 cm ou máis.

Ex 4403 99 00 Madeira distinta da de coníferas [que non sexa madeira tropical, carballo (*Quercus* spp.), faia (*Fagus* spp.), abidueira (*Betula* spp.), chopo (*Populus* spp.) ou eucalipto (*Eucalyptus* spp.)], en bruto, incluso escascada, sen sámagu ou escuadrada, que non fose tratada con pintura, tintura, creosota ou outros axentes de conservación.

Ex 4404 Rodrugas fendidas; estacas e estaquiñas de madeira, apuntoadas sen serrar lonxitudinalmente.

4406 Travesas (dormentes) de madeira para vías férreas ou similares.

Ex 4407 Madeira de coníferas, serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, incluso cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm.

Ex 4407 99 Madeira distinta da de coníferas [que non sexa madeira tropical, carballo (*Quercus* spp.), faia (*Fagus* spp.), pradairo (*Acer* spp.), cerdeira (*Prunus* spp.), freixo (*Fraxinus* spp.), abidueira (*Betula* spp.) ou chopo (*Populus* spp.)], serrada ou desbastada lonxitudinalmente, cortada ou desenrolada, incluso cepillada, lixada ou unida polos extremos, de espesor superior a 6 mm.

4415 Caixóns, caixas gaiolas, tambores e envases similares, de madeira; carretes para cables, de madeira; palés, palés caixa e demais plataformas para carga, de madeira; colariños para palés, de madeira.

9406 10 00 Construcións prefabricadas de madeira.»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao noso ordenamento xurídico a Directiva de execución 2017/1279 da Comisión, do 14 de xullo de 2017, pola que se modifican os anexos I, II, III, IV e V da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2018.

Madrid, 4 de decembro de 2017.—A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel Garcia Tejerina.